




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 P.C.L	Documento 21117I02N5	
Código de verificación  6U2D 0X3O 2A3V 1O4U 1BTV	Expediente 211/2022/983	
	Fecha 21-06-2023	

Asunto: Anuncio da publicación da resolución provisional da convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e apoio á realización de actividades físicas e deportivas a realizar durante o exercicio 2023

ANUNCIO

A Concellería de Deportes do Concello da Coruña convocou para o ano 2023, a través do acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2023, as subvencións dirixidas a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e apoio á realización de actividades físicas e deportivas a realizar durante o exercicio 2023.

A convocatoria de subvencións publicouse no BOP número 226, do 29 de novembro de 2022, coa seguinte referencia: Ref. 211/2022/983 Convocatoria Deportes - BDNS (Identif.): 660755.

Emitida o 21 de xuño de 2023 a proposta de resolución provisional da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia da dita proposta para coñecemento xeral.

De acordo co establecido na Base 15 das Bases reguladoras desta convocatoria, e no artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

Infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 5 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, do 23 ao 27 de xuño de 2023.

Neste prazo as entidades interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento.

A xefa do servizo de Deportes

Eva Blanco Sánchez